

2 centímetros

Ao vela entrar na praza pola esquina oposta, non puido evitar que un suspiro escapase. Mirou o seu xeito de andar, pausado e firme aínda que con aquel vestido parecía flotar a dous centímetros do chan. As terrazas e o ruído da xente enchían María Pita. Acenoulle e, nun momento, ela estaba xa o seu lado, despois dun lixeiro cambio na súa dirección. Ergueuse para recibila cun par de bicos e notou o seu morno respirar, aquel sorriso agasallado fíxoo sentirse especial.

Unha camareira achégase e, tras limpar a mesa, deixa un cartonciño malva que ninguén colle. A necesidade de mirarse e saberse cos ollos enche o tempo, así que cando volve por alí, ela lle di:

- Para min, zume de bicos.
- ¿Zume de bicos?
- Un vasiño, por favor.

A camareira inclínase cara el, agardando. Calado, mira ás dúas mulleres. Se non fose un efecto óptico, aseguraría que aquela muller, coa súa libretiña na man, tamén se move un par de centímetros por riba das lousas de pedra ...

Elas agardan ... e, cun brillo nos ollos que recorda ao Balbino de Neira Vilas, dille:

- A min, apeté-ce-se-me ... horchata de caricias!